CA2.4 - Empregar técnicas básicas de interpretación vocal, corporal ou instrumental, aplicando estratexias de memorización e valorando os ensaios como espazos de escuta e aprendizaxe, así como mostrando iniciativa nos procesos creativos e interpretativos.	Empregar a técnica básica necesaria instrumental, vocal e corporal estudiada ao longo do curso para preparar o repertorio traballado nesta unidade.		
CA2.5 - Interpretar con corrección pezas musicais e dancísticas sinxelas, individuais e grupais, dentro e fóra da aula, xestionando de forma guiada a ansiedade e o medo escénico e mantendo a concentración e o respecto cara aos demais.	Interpretar con corrección as pezas musicais e dancísticas propostas nesta unidade, tanto na clase como en público, xestionando o medo escénico e mantendo a concentración e respecto cara aos demais.		
CA2.6 - Planificar e desenvolver, con creatividade, propostas artístico-musicais, tanto individuais coma colaborativas, empregando medios musicais e dancísticos, así como ferramentas analóxicas e dixitais, con actitude inclusiva e cohesionadora.	Participar na planificación e creación da proposta escénico-artística ideada para esta unidade.		
CA2.7 - Interpretar e crear a través da voz, do corpo ou dos instrumentos, de maneira individual ou en grupo, diferentes pezas musicais, escénicas e dancísticas con elementos propios da cultura galega.	Interpretar e crear a través da voz, do corpo ou dos instrumentos, de maneira individual ou en grupo,		
CA3.2 - Identificar as características e os elementos técnicos de propostas musicais da nosa cultura e doutras, analizando os aspectos comúns e as diferenzas entre elas.	Identificar as características e os elementos técnicos de propostas musicais da nosa cultura e doutras		
CA3.3 - Interpretar con corrección pezas musicais e dancísticas sinxelas, individuais e grupais, das diferentes culturas estudiadas, valorando e mantendo unha actitude de respecto cara ao patrimonio artístico das diferentes culturas que conforman o mundo.	Interpretar con corrección, na clase e en público repertorio das diferentes culturas musicais estudiadas.		
CA3.4 - Participar activamente na planificación e na execución de propostas artístico-musicais colaborativas, valorando as achegas do resto dos integrantes do grupo e descubrindo oportunidades de desenvolvemento persoal, social, académico e profesional, usando medios audiovisuais e tecnoloxías dixitais.	Participar na creación de medios audiovisuáis que acompañen o repertorio proposto nesta unidade, e axudar a xestionar a organización das actuacións en vivo con dito repertorio.		
CA3.5 - Identificar as características culturais e sociais, así como os elementos propios da linguaxe musical das obras propostas que constitúen o patrimonio artístico musical galego e da nosa contorna, con actitude de respecto.	Identificar as características culturais e sociais, así como os elementos propios da linguaxe musical das obras propostas		
CA3.6 - Utilizar as características e os elementos propios da cultura musical galega como base para crear diferentes composicións musicais, escénicas e/ou dancísticas executadas a través da voz, do corpo ou dos instrumentos.	Crear composicións musicais ou dancísticas con elementos propios da cultura galega, para interpretalos en vivo co resto do repertorio proposto nesta unidade.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

## Contidos

## Contidos

- O silencio, o son, o ruído e a escuta activa. Sensibilidade ante a polución sonora e a creación de ambientes saudables de escuta.
- Concertos, actuacións musicais e outras manifestacións artístico-musicais en vivo e rexistradas.
- Ferramentas dixitais para a recepción musical: diferentes soportes audiovisuais.
- Normas de comportamento básicas na recepción musical: respeito e valoración.
- Repertorio vocal, instrumental ou corporal, individual ou grupal, de distintos tipos de música do patrimonio musical propio e doutras culturas.
- Técnicas básicas para a interpretación: técnicas vocais, instrumentais e corporais, técnicas de estudio e de control de emocións.
- Normas de comportamento e participación en actividades musicais e escénicas de interpretación.
- Ferramentas dixitais para a creación musical: manexo de secuenciadores e editores de partituras.
- As músicas tradicionais en España e a súa diversidade cultural: instrumentos, cancións, danzas e bailes. Estudo das súas características e interpretación.
- A música en Galicia: instrumentos, formas tradicionais, danzas e xéneros tradicionais, populares e urbanos. Análise, interpretación e creación.
- Tradicións musicais e dancísticas doutras culturas do mundo: características e funcións. Instrumentos, cancións, danzas e bailes en África, Asia, América, Europa e Oceanía.
- Músicas populares, urbanas e contemporáneas: análise, interpretación e creación dun proxecto propio baseado nos estilos estudiados.
- O son e a música nos medios audiovisuais e as tecnoloxías dixitais.

### 4.1. Concrecións metodolóxicas

Neste curso non temos libro de texto. Imos traballar co material desenrolado pola profesora da materia no que traballaremos todos os obxectivos e contidos propostos. As clases desenvolveranse a partir das explicacións da profesora e diferente material aportado por ela como artigos de prensa, comentarios de texto, información en internet, vídeos de youtube, audicións de discos, visualización de películas, partituras vocais e instrumentais, etc. Todas as actividades realizadas na aula serán avaliadas. Se cargará o material explicado na aula virtual para que o repasen. Tamén poden fazer preguntas e resolver dúbidas por este medio.

As unidades didácticas propostas nesta programación están pensadas nalgúns casos para interrelacionarse, de xeito que a súa aplicación non ten por qué ser lineal no tempo, é dicir, á vez que traballamos por exemplo a unidade sobre música popular urbana e medios de comunicación, podemos engadir contidos doutras unidades como música e tecnoloxía ou preparando ao alumnado para actuar en público, contidos da unidade música en vivo, co propio repertorio traballado sobre músicas urbanas.

Tamén cabe dicir que en música, os contidos son acumulativos, é dicir, presentamos o traballo sobre ritmo por primeira vez na unidade 1, pero ese traballo de lectura de figuras musicais e compases continuará facéndose ao longo do curso a través do repertorio instrumental, vocal ou corporal das demáis unidades, e así ocorre sucesivamente co resto dos contidos presentados.

Ademáis do anterior, as directrices metodolóxicas a seguir nesta programación son as seguintes:

- A asimilación dos distintos bloques de contidos, partirá sempre da práctica para logo pasar á teorización, é dicir, a base desta programación é aprender facendo.
- A planificación do ensino faise sempre en base a vivir a experiencia da música a través da interpretación, da creación e da escuta activa de distintas propostas artísticas.
- Os criterios de avaliación están directamente relacionados cos obxectivos propostos, é dicir, superar con éxito os criterios de avaliación amosa o grao de adquisición destes obxectivos por parte do alumnado.
- Diseñaranse diferentes situacións de aprendizaxe que incluirán procedementos diversos para traballar os contidos, e sempre partindo dunha visión global, onde os novos coñecementos aprendidos completen e conecten cos coñecementos previos do alumnado e teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe que coexisten no contexto

da aula, así como a atención á diversidade, propoñendo sempre mecanismos de reforzo para as dificultades que se detecten.

- Terase en conta e farase destacable a través dos contidos transversais a importancia da relación entre a materia de Música e outras materias. Aínda que a priori a relación más directa se dá con Educación Plástica, Visual e Audiovisual, por compartir competencias de índole artística, tamén é posible establecer relacións coas Matemáticas, por exemplo a través das proporcións do ritmo, da estrutura musical, das calidades físicas do son; coas lingüas, a través da simbiose entre texto, idioma e melodía; coa Historia para entender os contextos de creación das diferentes obras e expresións musicais universais e coa Tecnoloxía, a través do manexo de diferentes ferramentas dixitais para escribir, manipular o son e compoñer etc.

- Promoverase nas distintas unidades o traballo en equipo e a capacidade emprendedora, dada a natureza grupal e creativa desta materia, realizando proxectos colaborativos entre o alumnado, onde se poidan aplicar técnicas de reforzo da autoestima, da autonomía, da reflexión e da meditación sobre o grao de responsabilidade de cada un no conxunto do proxecto.

- Utilizaranse distintos tipos de actividades segundo a natureza das unidades: actividades introductorias ou de presentación dos contidos para descubrir os coñecementos previos do alumnado, actividades de motivación ou descubrimento, de desenvolvemento e consolidación, de avaliación, de reforzo e recuperación e de ampliación dos contidos nos casos que sexa necesario.

- Por último destacar os principios metodolóxicos nos que se basea esta programación como son a práctica e a motivación, a interrelación entre contidos e materias, a aprendizaxe significativa e funcional, a creatividade, a atención personalizada, a actitude analítica e a socialización.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

<b>Denominación</b>
Roca Vidal, F.; "Percusión corporal: piezas y ejercicios de percusión para instrumentos corporales". Año 2017; Edimusica; ISBN: 978-84-95307088
Nelson M., Sheila; "Flip a rhythm Vol.1-2"; Editorial Boosey and Hawkes, ISBN: 979-0-060-09771-3
Nelson M., Sheila; "Flip a Rhythm Vol.3-4", Editorial Boosey and Hawkes, ISBN: 978-0-851-62193-7
Saint-James, G; Saint-James, J; "Body Tap 1". Fuzeau. ISBN: 3-549540-068936
Pesdelán; "Na punta do pé". Kalandraka. ISBN: 978-84-8464-752-2
Zamora, A.; "danzas del mundo 2". Editorial CCS; Madrid 2005; ISBN: 84-8316-864-2
Sharma, E.; "Músicas del mundo". Ediciones Akal; Madrid 2006; ISBN: 978-84-460-2256-5
Wuytacj, J; "Musicalia Orff-instrumentarium". Uitgeverij de garve-brugge.
Ducros, D.; "Breve historia del rock. 5 composiciones adaptadas a la enseñanza de la flauta dulce u otros instrumentos en do". Fuzeau 2008. Ref. 6713
Saint-James, G.; "Pequeña historia del Jazz". Fuzeau 2008. Ref. 6712
"El canto en la historia y en el mundo". Fuzeau. Ref. 8765
"Voyage a capella. Du chant choral à la création vocale. Vol. 1 y 2". Fuzeau. Ref. 70735
Carmona, A.; Folklore Musical Español. Madrid.
Schnitzer, R. Moeller, M. (2011). Chorbuch, singen ist klasse. Schott Music.
Elorriaga, A. "Cantos tradicionales españoles arreglados para voces adolescentes". Anexo Editorial.
Elorriaga, A: "Cuatro espirituales para voces adolescentes". Anexo editorial.

Villagar, A. "Cómo enseñar a cantar a niños y adolescentes. Fundamentos técnicos y pedagógicos de la voz cantada". Año 2019. Ediciones Robinbook. ISBN: 978-84-120812-7-5.
Elorriaga, A. "El sonido se transforma: educación coral para adolescentes". Año 2018. Anexo editorial. ISBN: 978-84-941134-8-2.
Der junge Pop Chor. Vol. 1 a 10. Ediciones Bosworth.
Bedford, D.; "An exciting new game for children os all ages". Londres. Universal Edition.
Apps e programas informáticos: MuseScore, audacity, garageband, music maker jam, ireal, music studi lite, loopstation.
Web <a href="http://www.atrilcoral.com">www.atrilcoral.com</a>

A aula está dotada de proyector, ordenador e altavoz que usaremos prácticamente a diario. Tamén hai instrumentos escolares que se usarán na práctica instrumental, e un par de micros que utilizamos para fazer as gravacións na clase.

a aula virtual a usaremos para cargar o material e que eles o utilicen para consultar dúbidas e traballar o explicado.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A Avaliación inicial neste 2º curso de ESO terá por obxecto averiguar os coñecementos musicais e dancísticos que o alumnado aprendeu e lembra da etapa da educación primaria, xa que no 1º curso de ESO a asignatura de música non está contemplada na comunidade autónoma de Galicia.

Para dita avaliación inicial utilizaremos a primeira unidade onde facemos un repasaremos os elementos rítmicos e veremos se teñen coñecementos previos e se se desenvolven ben na materia.

Faremos improvisacións rítmicas, repasaremos as figuras, ritmo, pulso compás

A profesora disporá dunha táboa para tomar notas de cada alumna e alumno interpretando a parte instrumental, onde se recollerán ítems como: a continuidade no pulso, calidade do son, interpretación das figuras musicais, interpretación das notas musicais, interpretación dos matices.

Outras cuestións como as destrezas no movemento e danza, o manexo da tecnoloxía, o coñecemento dos instrumentos ou a voz teranse que ir comprobando ao inicio das sucesivas unidades didácticas ao longo do curso, por iso cada unidade sempre comeza cunha actividade introductoria de coñecementos previos sobre os contidos a tratar.

A avaliación inicial indicará o punto de partida do alumnado para saber se podemos aplicar a programación tal cual, ou facer nas unidades correspondentes as adaptacións adecuadas, e levarase a cabo na primeira ou dúas primeiras sesións do curso dependendo do número de alumnado por aula.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
Peso UD/ Tipo Ins.	5	10	5	10	10	10	10	10	10	10
Proba escrita	60	50	0	0	50	0	25	0	50	0

<b>Unidade didáctica</b>	<b>UD 1</b>	<b>UD 2</b>	<b>UD 3</b>	<b>UD 4</b>	<b>UD 5</b>	<b>UD 6</b>	<b>UD 7</b>	<b>UD 8</b>	<b>UD 9</b>	<b>UD 10</b>
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>5</b>	<b>10</b>	<b>5</b>	<b>10</b>						
<b>Táboa de indicadores</b>	40	50	100	100	50	100	75	100	50	100

<b>Unidade didáctica</b>	<b>UD 11</b>	<b>UD 12</b>	<b>Total</b>
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>5</b>	<b>5</b>	<b>100</b>
<b>Proba escrita</b>	0	0	<b>20</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	100	100	<b>80</b>

#### Criterios de cualificación:

Se a avaliación constitúe un proceso flexible os procedementos terán que ser de diversa índole, entre outros, contemplaremos:

- A observación de comportamentos e o interese mostrado en clase
- Probas orais e escritos
- Participación na clase
- Iniciativa á hora de fazer actividades.

Recursos para a avaliación:

Terase en conta o comportamento e actitude. Observación do proceso de aprendizaxe, centrándonos principalmente na observación do desenvolvemento das habilidades e destrezas relacionadas coa expresión musical. A actitude de atender na clase e o interese por aprender serán moi importantes para a avaliación do alumnado.

Probas escritas: Constarán de cuestiós teóricas. Como mínimo farase unha por avaliación.

Se a avaliación é presencial, farase mediante a observación do traballo feito na clase na parte práctica e a realización dunha proba teórica.

No caso de que non se fagan as probas esixidas ou non se entreguen os traballos requiridos, a materia non estará aprobada.

De calquera das maneiras, deben terse aprobados tanto o bloque teórico como práctico, contando o 50 % cada unha delas e facendo media dos 2 bloques na nota final.

É posible subir ata 1 punto pola realización de exercicios de ampliación, participación en diferentes actividades extraescolares que se valoren na materia e se valorará a iniciativa á hora de fazer actividades e propostas que poidan ofrecer con bo criterio.

A parte práctica é continua, co cal se se van aprobando as diferentes avaliacións quedaría aprobada e a parte teórica requerirá dunha recuperación do bloque que estea suspenso.

Contidos teóricos: puntuarase de 0 a 10 as actividades de avaliación dos contidos de cultura musical, da análise de partituras, das audicións comentadas e dos contidos teóricos da lingua musical, sendo logo un 30% da nota final.

O exame teórico poderá ser adaptado segundo os casos de necesidades educativas especiais ou atención á diversidade especificados e acordados co departamento de orientación e os informes pertinentes presentados polas familias.

Contidos prácticos: puntuaranse de 0 a 10 as actividades de interpretación instrumental, vocal exercicios prácticos de lectura rítmica/melódica, traballo na aula e na casa, os traballos a presentar.

En relación á interpretación instrumental hai que ter en conta os diferentes niveis do alumnado, polo que o profesorado facilitará no posible as medidas necesarias para aquel alumnado que o precise (disponibilidade horaria no recreo, adecuación das partituras ao nivel, etc.).

O aprobado da materia acádase cunha puntuación mínima de 5.

Cando a nota de cada avaliación ou final dea números con decimais, se estes están por debaixo de 0.5 tenderase a nota enteira inferior, e se están por enriba de 0.5 tenderase a nota enteira superior, por exemplo, se a media é de 7.3 a nota será 7; se a media é 7.7 a nota será 8.

## Criterios de recuperación:

O alumnado que acade unha cualificación inferior a 5 na 3<sup>a</sup> avaliación realizará actividades de recuperación dos contidos teóricos e/ou prácticos da materia non superados. Estas actividades corresponderán aos contidos teóricos e prácticos non superados e poderán ser de dous tipos: 1. Actividades novas deseñadas para tal fin no caso de que o alumnado realizase todas as previas ata a 3<sup>a</sup> avaliación incluída e non as superase. O deseño destas actividades responderá aos contidos non superados e á metodoloxía aplicada. 2. Actividades repetidas das realizadas ao longo do curso con cualificación negativa ou non presentadas. -Criterios de cualificación das actividades de recuperación dos contidos teóricos e prácticos: O profesorado informará ao alumnado das actividades de recuperación que ten que realizar para acadar unha avaliación positiva na materia. As novas cualificacións obtidas nas actividades de recuperación utilizaranse para facer un novo cálculo das notas das avaliacións, e a correspondente á avaliación final, seguindo os criterios de cualificación establecidos na programación. - Actividade de apoio, reforzo, ampliación e titoría O alumnado que acade unha cualificación igual o superior a 5 na 3<sup>a</sup> avaliación realizará actividades de apoio, reforzo e ampliación coa posibilidade de subir a súa cualificación de cara á avaliación final. Esas actividades responderán aos bloques de contidos tanto teóricos como prácticos susceptibles de mellora. Serán deseñadas seguindo as pautas anteriormente descritas en ambos bloques de contidos. O alumnado que adquirise as competencias de xeito destacado e que aínda teña capacidade de mellora, escollerá unha actividade de ampliación libre entre os bloques de contidos teóricos ou prácticos - Criterios de cualificación das actividades de reforzo, apoio e ampliación dos contidos teóricos e prácticos A realización correcta destas actividades poderá engadir ata 1 punto á cualificación da avaliación final

## 5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Para acadar unha puntuación de aprobado na convocatoria ordinaria de Xuño cómpre ter unha media de 5 nas 3 avaliacións.

Neste curso a materia se divide en parte teórica e parte práctica. O alumnado que tivera a materia suspensa por mor dos exames teóricos, fará un exame de recuperación da parte que teña suspensa durante o período que vai dende a 3<sup>a</sup> avaliación ata a avaliación ordinaria.

Ata que sexa o exame se lle farán actividades de repaso e reforzo no que estará involucrado e participará o alumnado aprobado, axudando nas actividades e colaborando con eles nos seus traballos de reforzo. Ademais dos exames que poidan ter suspensos, os cales terán que recuperar no exame que se lles fará para tal fin, entregarán os traballos que puideran non ter entregados ata agora.

Na parte práctica, tanto o alumnado aprobados na 3<sup>a</sup> avaliación como o suspenso, farán as actividades preparadas para a práctica nesta avaliación (percusión corporal e movemento, repertorio vocal e coreográfico. O alumnado aprobado poderá subir a nota da avaliación ordinaria (prorranteando o período comprendido neses días poderán subir a nota un máximo de 1 punto)

e o alumnado suspenso, poderá recuperar a materia

Naqueles casos que se necesite, establecerase acordo co departamento de orientación, un plan de reforzo e adaptación aos casos de necesidades específicas de apoio educativo e atención á diversidade, adaptando os contidos, os exames e incluso o tempo dado para resolver ditas probas segundo cada caso concreto, e establecendo un recreo cada semana para solventar dúbihdas e axudar a preparar a parte práctica instrumental e vocal.

## 6. Medidas de atención á diversidade

Prestaremos especial atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, ofrecendo diferentes formas de organización dos espazos e tempos da clase, e metodoloxías variadas que permitan a todo o alumnado seguir as explicacións e actividades propostas.

O obxectivo fundamental é asegurar a normalización, inclusión e non-discriminación deste alumnado coa fin de que poida acceder a unha educación de calidade con igualdade de condicións.

Para garantir un apoio adecuado a este alumnado é fundamental establecer canles de colaboración entre o diverso profesorado que intervén na súa educación, e organizar os recursos persoais e materiais do centro coa fin de desenvolver actividades encamiñadas á inserción e promoción.

Estudiaranse as circunstancias concretas de cada caso, con especial atención ao alumnado con dificultades de aprendizaxe, tendo en conta os diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe, establecendo as liñas educativas a seguir e garantindo así os apoios necesarios. Para elo, a función da coordinación entre docentes, alumnado e familias é fundamental a través da titoría.

Poderanse realizar adaptacións curriculares e organizativas ofrecendo entre outros, programas de reforzo ademáis de medidas de apoio personalizado para o alumnado con necesidade específica de apoio educativo, e para aqueles que permanezan un ano máis no mesmo curso, co fin de permitir a todo o alumnado o desenvolvemento das competencias clave previsto no perfil de saída e a consecución dos obxectivos xerais da educación secundaria obligatoria, así como alcanzar o máximo desenvolvemento das súas capacidades persoais.

Con todo, para a atención á diversidade do alumnado de educación secundaria obligatoria estarase ao disposto na lexislación vixente na Comunidade Autónoma de Galicia.

Algunhas posibles ferramentas para organizar a atención á diversidade serían:

1. Organizar ao alumnado en diferentes agrupamentos nas actividades segundo os seus intereses e motivacións.
2. Utilizar materiais variados en ditas actividades: escritos, audiovisuais, etc.
3. Aplicar diversas técnicas e metodoloxías para explicar un mesmo contido.
4. Manter o contacto permanente con este alumnado a través de entrevista persoal e titorías coas familias para saber que parte da asignatura cóstalles más seguir.
5. Ofrecerlle tempo extra para asimilar as explicacións (por exemplo algún recreo a semana para consultar dúbihadas) e para resolver probas específicas.

## 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión lectora	X			X	X	X		
ET.2 - Creatividade		X				X		
ET.3 - Autonomía		X	X			X		
ET.4 - Traballo en equipo, emprendemento social e empresarial		X				X	X	X
ET.5 - Igualdade entre sexos		X		X		X	X	X
ET.6 - Consumo responsable: fomento do espírito crítico		X			X	X	X	X
ET.7 - Respeto mutuo: educación emocional e en valores		X	X			X	X	X
ET.8 - Expresión oral e escrita	X			X				
ET.9 - Competencia dixital e comunicación audiovisual								

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12
ET.1 - Comprensión lectora				
ET.2 - Creatividade	X	X	X	
ET.3 - Autonomía	X		X	X

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12
ET.4 - Traballo en equipo, emprendemento social e empresarial	X	X		X
ET.5 - Igualdade entre sexos	X	X		
ET.6 - Consumo responsable: fomento do espírito crítico	X	X		
ET.7 - Respeto mutuo: educación emocional e en valores	X	X		X
ET.8 - Expresión oral e escrita				
ET.9 - Competencia dixital e comunicación audiovisual			X	X

**Observacións:**

- Comprensión lectora: Traballarse principalmente nas unidades 1, 4, 5 e 6 a través dos textos para aprender os contidos teóricos. - Creatividade: traballarse nas unidades 2, 6, 9, 10 e 11 a través da composición de exercicios e pezas propias de percusión corporal, uso de tecnoloxías, creación de letras, improvisación... - Autonomía: traballarse nas unidades 2, 3, 6, 11 e 12 a través de actividades de improvisación, creación de contidos e proxectos propios tanto a nivel individual como grupal. - Traballo en equipo, emprendemento social e empresarial: unidades 2, 6, 7, 8, 9, 10, 12. Actividades que implican creación de proxectos grupais. - Igualdade entre sexos: unidades 2, 4, 6, 7, 8, 9 e 10. Utilización de obras de diversos estilos e épocas compostas tanto por homes como por mulleres, fomentando especialmente o repertorio composto por mulleres e intérpretes femininas. - Consumo responsable: fomento do espírito crítico. Unidades 2, 5, 6, 7, 8, 9 e 10. A través da comprensión dos elementos que conforman a música e dos distintos estilos e xéneros musicais o alumnado conformará unha opinión obxectiva e crítica e isto contribuirá a fomentar un consumo musical responsable . - Respeto mutuo: educación emocional e en valores. Unidades 2, 3, 6, 7, 8, 9, 10 e 12. Actividades musicais grupais nas que é primordial respectar as producións musicais dos demás e axudarse mutuamente para conseguir un son de conxunto. - Expresión oral e escrita: unidades 1 e 4. A través da redacción de textos explicativos e traballos de exposición oral como por exemplo explicar os parámetros que conforman o son, a forma dunha canción, a importancia do silencio na nosa saúde e nas nosas vidas, etc. - Competencia dixital e comunicación audiovisual: unidades 11 e 12 a través da creación de músicas con ferramentas dixitais e de eventos musicais que engloben non so música e danza, senón tamén propostas audiovisuais que as acompañen, creando así unha performance global.

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descripción	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Actuacións públicas en Nadal ou final de curso	As pezas musicais traballadas ao longo do curso executaranse en público en Nadal ou a final de curso, buscando outro centro de referencia para facer unha actuación conxunta nalgún auditorio da zona.	X		
Ourencanto	Propiciarase a asistencia do grupo a un concerto didáctico, para poñer en práctica as normas de comportamento aprendidas na clase, así como vivir a experiencia de escuchar música en directo.			X

**Observacións:**

Contémplase a posibilidade de organizar o Festival de Nadal a cargo do noso alumnado de música e, de ser o caso, tamén a final de curso.

O Departamento procurará organizar, como axuda e motivación cara ao temario da materia, varias actividades complementarias:

- Concertos didácticos sobre diferentes estilos musicais no propio centro e nos auditórios e salas adaptadas a tal uso que nos ofrece o noso entorno (Auditório Municipal de Ourense, Teatro Principal, etc, Conferencias, Obradoiros de música, etc.,
- Organización de concertos e colaboración nas actividades e proxectos interdisciplinares no propio centro a cargo do alumnado.

Igual que fixemos o ano pasado, volveremos a participar no Certame de "Ourencanto" e intentaremos fazer algunha actividade/saída musical coa axuda do Concello, CFR ou Deputación na que participen os alumnos e alumnas, ben facendo unha representación Flashmob, coreografía ou montaxe audiovisual

.Posibilidade de facer un taller de danza (dependendo de posibles axudas económicas da ANPA)

Tamén estamos abertas a calquera actividade que xorda ao longo do curso do que agora mesmo non teñamos información, así como a posibilidades de algunha saída ou excursión en colaboración con outros Departamentos.

**8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro**

Indicadores de logro
Ben ou acadado
Mal ou Non acadado
Regular ou Mellorable

**Descripción:**

A programación é un documento aberto e susceptible de cambios segundo observemos os procedementos que funcionan e os que non. Debe revisarse cada ano coa fin de adaptala mellor á realidade das aulas. A posta en práctica de dita programación é o que nos permite mellorala, recollendo a través dos procedementos de avaliação da propia programación e da práctica docente, a información necesaria para reformala. O proceso de avaliação da propia programación e da práctica docente realiza dentro do Departamento coa información recollida polos docentes sobre diferentes aspectos do desenvolvemento da mesma, que debería incluír unha valoración/avaliación dos estudiantes, do seu propio proceso de ensino-aprendizaxe, que pode realizarse a través dun cuestionario ou unha entrevista con cada alumna e alumno a final e curso. Algunos dos ítems a contemplar para avaliar a propia programación e a práctica docente mediante rúbrica son os seguintes:

- Comprobación dos obxectivos propostos: se estos se adaptan ao curso correspondente, se se poden acadar coas unidades propostas, a porcentaxe de alumnado que consegue ditos obxectivos, etc.
- Idoneidade das unidades didácticas propostas: se hai correlación entre obxectivos, contidos e criterios de cualificación nestas, a corrección da temporalización, e se contribúen realmente a acadar as competencias clave.
- Utilidade materiais didácticos empregados: comprobar se o alumnado os entende, se son variados, se están adaptados para o alumnado con necesidades educativas específicas e de apoio educativo, se inclúen TICs, etc.
- Valoración dos criterios e instrumentos de avaliação e cualificación: se son útis e precisos, se os instrumentos de avaliação inclúen métodos cualitativos e cuantitativos, se se inclúen procedementos de recuperación, etc.
- Grao de implicación dos estudiantes no proceso de ensino-aprendizaxe: coñecen os obxectivos propostos, o repertorio e actividades paréntiles adecuados, coñecen os criterios de avaliação e cualificación, etc.
- Tido en conta o anterior, elaboración de propostas de mellora.

Os ítems anteriores avaliaranse mediante os indicadores ben ou acadado, mal ou non acadado e regular ou mellorable no caso de que sexa acadado pero que se poida revisar e mellorar.

## 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Para o seguimento da programación, avaliación desta e propostas de melloras utilizaremos unha táboa de indicadores considerando os ítems expostos no punto anterior: "avaliación do proceso de ensino e práctica docente", valorando para cada un deses ítems o grao de consecución e facendo propostas de mellora naqueles puntos que se observen carencias. Así o procedemento de seguimento e avaliación da programación e da práctica docente farase mediante táboas de indicadores, ficha con preguntas a cubrir polo alumnado e entrevista persoal co alumnado. A partir da análise dos datos extraídos destes procedementos de seguimento, faranse as correspondentes propostas de mellora.

Dito seguimento farase trimestralmente acordando en reunión de departamento os cambios a introducir na programación a través da aplicación proens en cada trimestre e a final de curso de cara ao ano seguinte.

## 9. Outros apartados

### 1. Unha hora máis na materia de maneira excepcional este ano

A meteria de música por lei son 2 horas, pero este ano temos 3 horas ao incluir nesta materia unha das horas que se ofertaban de libre designación. Deste xeito, por tratarse dunha materia de 2 horas e ter unha mas este ano de maneira excepcional, mantemos a programación de 2 horas e utilizaremos a 3<sup>a</sup> horas para reforzar a práctica.